

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2022059084
ASUNTO	Declaración de deserto o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, do "Subministro de equipos de prevención e extinción de incendios forestais na provincia de Pontevedra"
TRÁMITE	Declarar deserto

PMC/jsb

O deputado delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das competencias atribuídas pola Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

A Deputación de Pontevedra, mediante Resolución Presidencial número 2022007550, de data 24/10/2022, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado do "Subministro de equipos de prevención e extinción de incendios forestais na provincia de Pontevedra".

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 25 de outubro de 2022. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, con data 10/11/2022, emitiu informe o xefe do Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: "...Finalizado o prazo para presentar as ofertas no procedemento aberto simplificado abreviado convocado para a contratación do "Subministro de equipos de prevención e extinción de incendios forestais na provincia de Pontevedra", tal e como se recolle no art. 159.6 d) parr 2º, da LCSP, compróbase que non presentou oferta empresa algunha, polo que se propón ó Órgano de Contratación que declare este procedemento deserto."

Considerando que por Resolucións da Presidencia de data 15 de xullo e 1 de agosto de 2019, modificadas por Resolución de data 27 de maio de 2020, deléganse no Deputado D. Carlos López Font, as atribucións da Presidencia na área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, correspondéndolle respecto deste contrato as competencias como órgano de contratación de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP, parágrafo 1, do artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido la Lei de Facendas Locais e do establecido na base 16 de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra,



RESOLVO:

- **Declarar deserto** o procedemento aberto simplificado abreviado, convocado para a contratación do “Subministro de equipos de prevención e extinción de incendios forestais na provincia de Pontevedra” por non existir ofertas de empresas interesadas na adxudicación deste contrato.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen perxuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

O que lle comunico para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

CONTRATACIÓN.- INTERVENCIÓN.- MEDIO AMBIENTE.

